

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VILAGARCÍA DE AROUSA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Martiño de Sobrán.
<b>Dirección</b>	Rúa de Sobrán, 3. Vilaxoán. 36611
	42.585448 -8.786716
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>A pesar do seu carácter de igrexa rural, ligada ao veciño pazo de Sobrán, destaca a amplitude da súa única nave, que se divide en tres compartimentos por medio dos seus correspondentes arcos transversais, os cales, á súa vez, sosteñen unha espléndida bóveda semicircular. Nun nicho aberto nun lateral áchase a estatua de Xoán Mariño, fundador de Vilaxoán.</p> <p>Os grosos muros da igrexa de Sobrán ven interrompidos por uns vans que, como a igrexa no seu conxunto, resultan un paradigma da arte románica: abertura en forma de seteira, arco de medio punto, arquivoltas e unha coidada ornamentación dos capiteis. É preciso chamar a atención sobre o denominado xadrezado, a decoración xeométrica que contorna as xanelas e que referendan o influxo da Catedral de Santiago e das peregrinacións que ata ela se dirixían.</p> <p>A fachada non presenta o seu aspecto orixinal, xa que, por unha banda, perdeu o trazado de pedra que dividía o rosetón central, e, por outro, carece tamén da figura ecuestre de San Martín, patrón da parroquia, que ata finais do século XIX presidía o conxunto.</p> <p>Un último aspecto a destacar é a ábsida, non só polas súas xanelas, cuxas características quedan expostas, senón polos canzorros –pequenas pezas esculpidas que sosteñen a cornixa- nos que o artista daba renda solta ao súa imaxinación, como o demostra a postura cando menos pouco respectuosa que, para tratarse dun templo, adopta algunha figura.</p>
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	5
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
<b>Data</b>	27-04-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>BLANCO PAZ, FELIPE</u>	1833	55	96
Torre-campanario	<u>Mediana.</u>	<u>OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)</u>	1905	90	422
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1905	105	670

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Sobrán. - VILAGARCÍA DE AROUSA \(GALICIA\)](#)

PDF (11-04-2026)